

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Augas

A lenda dos tres ríos

Eran unha vez o río Eume, o río Xuvia e o río Mandeo e un día decidiron baterse nunha carreira; o primeiro que chegase ó mar podería pedir un desexo.

Ó fin dese día foron durmir e quedaron para as sete da mañá. O río Xuvia despertou ás cinco da mañá e aproveitando que os outros durmían, pensou:

—Partirei agora que eles durmen, chegarei o primeiro e pedirei ser o río máis longo!

O Mandeo despertou ás seis e vendo que o Xuvia xa non estaba, dixo:

—Partirei eu tamén, que aínda podo gañar e pedir ser o río máis caudaloso!

Ás sete despertou o Eume e vendo que non estaban os outros, encheuse de ira e partiu veloz arrasando todo o que atopou no seu camiño, e gañou.

Entón, furioso, pediu que cada ano morrese como mínimo unha persoa nas súas augas.

E dende aquela sempre se cumpriu.

[Esta lenda foi contada no campamento de Vilarbó, nas Fragas do Eume, concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña). Remite Alén Daniel Porto Figueroa de Narón (A Coruña) en xaneiro de 2008]

Véxase a semellanza con "[Tres fontes e tres ríos](#)"